



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

ELVIRA LAMA FERNÁNDEZ, deputada e voceira provincial do **GRUPO SOCIALISTA** da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN SOBRE UN PLAN DE COOPERACIÓN PARA OS SERVIZOS DE SEGURIDADE E PROTECCION CIVIL COS CONCELLOS DA PROVINCIA** , en base á seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Deputación ten como principal obxecto cooperar cos Concellos, que solen ter escasos recursos para prestar por si mesmos os servizos que demanda a sociedade. Os cidadáns demándalle os Concellos calquera servizo que outras Administracións non prestan. E por outra banda as Administracións frecuentemente descargan nos Concellos a realización de tarefas que non queren prestar.

Uns dos servizos máis necesarios, e que nas comarcas rurais ten sufrido da escaseza de recursos, son os que teñen que ver coa seguridade e a protección civil.

Moitos Concellos teñen obriga de contar con Policía Local e non teñen recursos económicos suficientes para dispor do número suficiente de efectivos, cos recursos técnicos máis actuais e coa mellor formación. En datas recentes sufrían a dificultade que supón a perda de activos por xubilación anticipada.

Igualmente acontece coas tarefas propios da Protección Civil. Estas baséanse case exclusivamente en voluntarios ,que dende logo son imprescindibles, e persoal que non sempre ten suficiente estabilidade laboral e precisa formación técnica, nin teñen tódolos medios técnicos máis actuais.

Esta é unha materia na que os Concellos precisan axuda e cooperación, e esta é unha función da Deputación que pode e debe cooperar en mellorar servizos municipais moi importantes para os cidadáns.



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

Polo exposto, o Grupo Socialista presenta as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO:**

A Deputación de Ourense poñerá en marcha , coa colaboración da Xunta de Galicia, un programa específico de cooperación cos Concellos da Provincia para mellorar a dotación de persoal, recursos técnicos, materiais e a formación dos servizos de Policía Local , GES e Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil.

En Ourense, a 10 de abril de 2018

Asdo. Elvira Lama Fernández

Voceira Grupo Socialista

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE